




**CONCELLO
DE
MEAÑO**

CP 36968
(PONTEVEDRA)



**ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR SERVICIO DE SUMIDOIRO, ASI
COMO DE TRATAMENTO E DEPURACION DE AUGAS RESIDUAIS, INCLUIDA
A VIXILANCIA ESPECIAL DE SUMIDOIROS PARTICULARES.**

Artigo 1.º Fundamento e natureza.

No uso das facultades concedidas polos Artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo Artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e os Artigos 20 e 58 da Lei 39/88, de 28 de decembro, e de conformidade co disposto nos Artigos 15 a 19 da Lei 39/88 citada, este Concello acorda a imposición e ordenación da Taxa de alcantarillado, que se rexirá pola presente Ordenanza fiscal.

Artigo 2.º Feito imponible.

1. Constitúe o Feito imponible da Taxa:

- a) A actividade municipal, técnica e administrativa, tendente a verificar se se dan as condicións necesarias para autorizar a acometida á rede de alcantarillado municipal.
- b) A prestación dos servizos de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais, a través da rede de alcantarillado municipal, e o seu tratamento para depuralas.

2. Non estarán suxeitas á Taxa as fincas derruidas, declaradas ruinosas ou que teñan a condición de solar ou terreo, sempre que non fagan uso do alcantarillado.

Artigo 3.º Suxeito pasivo.

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o Artigo 33 da Lei Xeral Tributaria que sexan:

- a) Cando se trate da concesión de licenza de acometida á rede, o propietario, usufrutuario ou titular do dominio útil da finca.
- b) No caso de prestación de servizos do número 1.b) do Artigo anterior, os ocupantes ou usuarios das fincas do termo municipal beneficiarios de ditos servizos, calquera que sexa o seu título: propietarios, usufrutuarios, habitacionistas ou arrendatarios, incluso ocupantes en precario.

2. En todo caso, terá a consideración de suxeito pasivo substituto do ocupante ou usuario das vivendas ou locais o propietario destes inmobles, en quén poderán repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os respectivos beneficiarios do servizo.



**CONCELLO
DE
MEAÑO**

CP 36968
(PONTEVEDRA)



Artigo 4.º Responsables.

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os Artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o Artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5.º Cota tributaria.

A cota desta Taxa será a que figura no anexo desta Ordenanza.

Artigo 6.º Exencións e bonificacións.

Non se concederá exención nin bonificación algunha na exacción da presente Taxa, que non ven establecida en Tratados ou Acordos Internacionais ou en normas con rango de Lei.

Artigo 7.º Percepción.

1. Percíbese a Taxa e nace a obriga de contribuir cando se inicie a actividade municipal que constitúe o seu feito imponible, entendéndose iniciada a mesma:

a) Na data de presentación da oportuna solicitude da licenza de acometida, se o suxeito pasivo a formulase expresamente.

b) Dende que teña lugar a efectiva acometida á rede de alcantarillado municipal. O devengo por esta modalidade da Taxa producirase con independencia de que teña obtido ou non a licenza de acometida e sen prexuízo da iniciación do expediente administrativo que poda instruírse para a súa autorización.

2. Os servizos de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais, e da súa depuración teñen carácter obrigatorio para toda-las fincas do Municipio que teñan fachada a rúas, prazas ou vías públicas en que exista alcantarillado, sempre que a distancia entre a rede e a finca non exceda de cen metros, e se devengará a Taxa aínda cando os interesados non procedan a efectuar a acometida á rede.

Artigo 8.º Liquidación.


1. Cando se presente a solicitude de licenza de acometida liquidarase e esixirase a Taxa correspondente en calidade de depósito previo.



**CONCELLO
DE
MEAÑO**

CP 36968

(PONTEVEDRA)



2. Se se realiza a acometida sen mediar solicitude procederáse a liquidar e notificar esixíndose o ingreso nos prazos previstos no Artigo 20 do Regulamento Xeral de Recadación, sen prexuízo da apertura do correspondente expediente sancionador por infracción tributaria.

3. Unha vez autorizada a acometida, a xestión e recadación desta Taxa acomodaráse ó procedemento previsto para os valores recibo (padrón, censo, matrícula etc.).

Artigo 9. Ingreso.

1. As cotas desta Taxa liquidaránse e esixiránse no momento de presentarse a solicitude, en calidade de depósito previo.

2. Cando se realice a acometida sen mediar solicitude exixirase nos prazos previstos no Artigo 20 do Regulamento Xeral de Recadación.

3. Cando a Taxa se exaccione por padrón exixirase no período sinalado na tarifa ou, no seu caso, no que acorde o Alcalde ou Comisión de Goberno e o ingreso farase efectivo no prazo previsto no Artigo 20 do R.G.R. para os valores recibo

4. Os ingresos efectuaránse na Depositaria municipal ou no lugar que determine o Alcalde-Presidente.

Artigo 10. Infraccións e sancións.

Nesta materia estarase ó disposto no Artigo 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN ADICIONAL.

PRIMERA. Declaración de alta.

Os suxeitos pasivos substitutos do contribuínte formularán as declaracións de alta nos censos ou padróns da Taxa e surtirán efectos tributarios no mesmo momento de presentarse a declaración, podendo prorratearse, no seu caso, por meses.

SEGUNDA. Declaración de baixa.

Os suxeitos pasivos substitutos do contribuínte formularán as declaracións de baixa no censo ou padrón da Taxa e surtirán efectos no período natural seguinte ó de presentación da mesma podendo, no seu caso, prorratearse por meses.




**CONCELLO
DE
MEAÑO**

CP 36968

(PONTEVEDRA)

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente Ordenanza fiscal, cunha redacción definitiva aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada na data que se expresa no anexo a esta Ordenanza, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partires do día 1 de xaneiro de 1999, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.





**CONCELLO
DE
MEAÑO**

CP 36968
(PONTEVEDRA)

ANEXO

Modif.

Primeiro. Tarifa.

PARA APLICACION DA ORDENANZA DA TAXA POR SERVICIO DE SUMIDOIRO, ASI COMO DE TRATAMENTO E DEPURACION DE AUGAS RESIDUAIS, INCLUIDA A VIXILANCIA ESPECIAL DE SUMIDOIROS PARTICULARES.

<u>Concepto</u>	<u>Pts.</u>
<u>POLO SERVICIO DE SUMIDOIRO, TRATAMENTO E DEPURACION DE AUGAS</u>	
POR CONEXION O SERVICIO DE SUMIDOIRO	
Nova conexión ou enganche	50.000 Pts.
POR PRESTACION DO SERVICIO	
Vivendas / ano	2.000 Pts.
Restaurantes, bares, hoteis e establecementos comerciais e industriais / ano	5.000 Pts.

Nas vivendas nas que se exerza tamén unha actividade comercial ou industrial tributarán como a actividade da que se trata, non tributando como vivendas.

Segundo. Outras normas especiais de xestión.

Terceiro. Data de aprobación.

DILIXENCIA:

Póñoa eu, Secretaria-Interventora do Ilmo. Concello de Meaño, para facer constar que a imposición e aprobación da presente Ordenanza Fiscal Reguladora da taxa por servico de sumidoiro, así como tratamento e depuración de augas residuais, incluída a vixilancia especial de sumidoiros particulares, foi aprobada provisionalmente polo Pleno da Corporación en sesión extraordinaria de data 28 de setembro de 1998.

Meaño, 29 de setembro de 1998



C O N C E L L O
DE
ME A Ñ O

C. P. 36968
(PONTEVEDRA)

PARA A APLICACIÓN DA ORDENANZA DA TAXA POR SERVICIO DE SUMIDOIRO, ASÍ COMA DE TRATAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS, INCLUÍDA A VIXILANCIA ESPECIAL DE SUMIDOIROS PARTICULARES.

Primeiro.- Tarifa:

<u>Concepto</u>	<u>Euros</u>
POLO SERVICIO DE SUMIDOIRO, TRATAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS:	
Nova conexión ou enganche:	300,00
POR PRESTACIÓN DO SERVICIO:	
Vivendas / ano:	32,00
Restaurantes, bares, hoteis e establecementos comerciais e industriais / ano:	60,00

Nas vivendas nas que se exerza tamén unha actividade comercial, industrial ou de restauración tributarán como a actividade da que se trate, non tributando como vivendas.

Segundo.- Data de aprobación.-

A presente modificación que afecta á tarifa da Ordenanza Reguladora desta taxa, aprobada polo Pleno da Corporación en sesión de data 30-09-02, entrará en vigor o día seguinte da publicación do texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2003.

DILIXENCIA:

Elebado a definitivo o acordo provisorio, ó non presentarse reclamacións ó expediente, mediante acordo da Alcaldía de data 21 de novembro de 2002 e publicado o texto íntegro da modificación no Boletín Oficial da Provincia de data 5 de decembro de 2002.

Meaño, 9 de decembro de 2002
Secretaría-Intervención





C O N C E L L O

DE

ME A Ñ O

C. P. 36968
(PONTEVEDRA)

PARA A APLICACIÓN DA ORDENANZA DA TAXA POR SERVICIO DE SUMIDOIRO, ASÍ COMA DE TRATAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS, INCLUÍDA A VIXIANCIA ESPECIAL DE SUMIDOIROS PARTICULARES.

Primeiro.- Tarifa:

Concepto	Taxa
POR SERVIZO DE SUMIDOIRO, TRATAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS	
Nova conexión e enganche	300,00 €
POR PRESTACIÓN DO SERVIZOS:	
Vivendas	32,00 €/ ano
Restaurante, bares, hoteis e establecementos comerciais	60,00 €/ ano
Adegas de máis de 30.000 litros, establecementos industriais e comerciais de máis de 6 obreros, talleres mecánicos e lavados e engrases	150,00 €/ ano
Adegas de máis de 100.000 litros.	300,00 €/ ano
Industrias de elaboración e transformación de alimentos (carne / pescados / mariscos)	600,00 €/ ano

Segundo.- Outras normas especiais de xestión:

Nas vivendas nas que se exerza tamén unha actividade comercial, industrial ou de restauración tributarán como a actividade da que se trate, non tributando como vivendas.

Terceiro.- Data de aprobación.-

A presente Modificación que afecta á tarifa da Ordenanza Fiscal Reguladora desta taxa, aprobada polo Pleno da Corporación en sesión de data 25 de abril de 2005, entrará en vigor o día seguinte da publicación do texto íntegro desta modificación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación este mesmo día.

DILIXENCIA:

Elevado a definitivo o acordo provisorio ó non presentarse reclamacións ó expediente, mediante acordo da Alcaldía de data 14 de xuño de 2005 e publicado o texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia nº 134 de data 13 de xullo de 2005, sendo de aplicación a partir do día 14 de xullo de 2005.

Meaño, 18 de xullo de 2005
Secretaría - Intervención



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 • Rúa Campo da Feira nº 1 • Teléfs.: 986 74 71 02 - 986 74 75 85 • Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemearno@terra.es • Web: www.concellodemearno.com

PARA A APLICACIÓN DA ORDENANZA DA TAXA POR SERVICIO DE SUMIDOIRO, ASÍ COMA DE TRATAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS, INCLUÍDA A VIXILANCIA ESPECIAL DE SUMIDOIROS PARTICULARES.

Primeiro.- Tarifa:

Concepto	Taxa
POR SERVIZO DE SUMIDOIRO DE AUGAS RESIDUAIS	
Nova conexión e enganche	300,00€
POR PRESTACIÓN DO SERVIZO:	
* Vivendas	20,00€ / ano
* Establecementos industriais e comerciais de máis de 10 empregados, restaurantes e hoteis.	100,00€/ano
* Adegas de máis de 100.000 litros e lavados e engraxes	300,00€ / ano
* Industrias de elaboración e transformación de alimentos (carne / pescados / mariscos)	600,00 / ano

Segundo.- Outras normas especiais de xestión:

Nas vivendas nas que se exerza tamén unha actividade comercial, industrial ou de restauración tributarán como a actividade da que se trate, non tributando como vivendas.

Terceiro.- Data de aprobación.-

A presente Modificación que afecta á tarifa da Ordenanza Fiscal Reguladora desta taxa, aprobada polo Pleno da Corporación en sesión de data 8 de outubro de 2007, entrará en vigor o día seguinte da publicación do texto íntegro desta modificación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2008."

DILIXENCIA:

Elevado a definitivo o acordo provisorio ó non presentarse reclamacións ó expediente, mediante acordo da Alcaldía de data 7 de decembro de 2007 e publicado o texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia nº 243 de data 18 de decembro de 2007, sendo de aplicación a partir do día un de xaneiro de 2008.

Meaño, 19 de decembro de 2007

Secretaría - Intervención





CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 • Rúa Campo da Feira nº 1 • Teléfs.: 986 74 71 02 - 986 74 75 85 • Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@terra.es • Web: www.concellodemeano.com

D^a M^a TERESA ESCUDERO BARRAL, Secretaria-Interventora do Ilmo. Concello de Meaño (Pontevedra).-

CERTIFICO:

Que o Pleno da Corporación, en sesión ordinaria de data 8 de outubro de 2007, entre outros, adoptou o seguinte acordo:

“5º.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DO SERVICIO: SUMIDOIRO, ASÍ COMA DE TRATAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS, INCLUÍDA A VIXIANCIA ESPECIAL DE SUMIDOIROS PARTICULARES.

O Sr. Alcalde-Presidente da conta o os membros da Corporación que co incremento das vivendas e o asentamento no termo municipal de diversas industrias, actividades e servizos, sobre todo no Polígono A Pedreira, e ó longo do termo municipal vinculadas á prestación de servizos cotidiás e á explotación racional dos recursos como son as adegas, veuse incrementando a conexión á rede de sumidoiro e o caudal de verquido, diversificándose o tipo de verquido co conseguinte aumento dos gastos de mantemento e reposición, limpeza nos colectores.

Coa modificacións das tarifas destas taxas nos termos que figuran na Memoria-proposta da Alcaldía preténdese a redistribución dos costes tendo en conta a capacidade o tipo de verquido dos sectores de usuarios deste servizos, segundo se trate de vivendas, establecementos fabriles, comerciais e industriais, de forma que os custes da prestación deste servizo repercuten da forma máis directa posible nos usuarios segundo o tipo e cantidade de verquido.

Non producíndose intervencións e sometido o asunto a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, aceptando o dictame-proposta da Comisión Especial de Contas, por unanimidade dos seus membros, acorda:

1º/ Modifica-los anexos-tarifas da taxa pola prestación do servizo de sumidoiro, así coma de tratamento e depuración de augas residuais, incluída a vixiancia especial de sumidoiros particulares, quedando como sigue:

PARA A APLICACIÓN DA ORDENANZA DA TAXA POR SERVICIO DE SUMIDOIRO, ASÍ COMA DE TRATAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS, INCLUÍDA A VIXIANCIA ESPECIAL DE SUMIDOIROS PARTICULARES.

Primeiro.- Tarifa:

Concepto

Taxa

POR SERVICIO DE SUMIDOIRO DE AUGAS RESIDUAIS

Nova conexión e enganche
POR PRESTACIÓN DO SERVIZOS:

300,00€

* Vivendas	20,00€ / ano
* Establecementos industriais e comerciais de máis de 10 empregados, restaurantes e hoteis.	100,00€/ano
* Adegas de máis de 100.000 litros e lavados e engrases	300,00€ / ano
* Industrias de elaboración e transformación de alimentos (carne / pescados / mariscos)	600,00 / ano

Segundo.- Outras normas especiais de xestión:

Nas vivendas nas que se exerza tamén unha actividade comercial, industrial ou de restauración tributarán como a actividade da que se trate, non tributando como vivendas.

Terceiro.- Data de aprobación.-

A presente Modificación que afecta á tarifa da Ordenanza Fiscal Reguladora desta taxa, aprobada polo Pleno da Corporación en sesión de data....., entrará en vigor o día seguinte da publicación do texto íntegro desta modificación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2008.

2º Aprobar provisionalmente a modificación do anexo-tarifa, nos termos sinalados no apartado 1º deste acordo, da Ordenanza Fiscale reguladora da taxa:

- PARA A APLICACIÓN DA ORDENANZA DA TAXA POR SERVICIO DE SUMIDOIRO, ASÍ COMA DE TRATAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS, INCLUÍDA A VIXIANCIA ESPECIAL DE SUMIDOIROS PARTICULARES.

3º Expoñer ó público o presente acordo mediante edictos publicados no Taboleiro de Anuncios e no Boletín Oficial da Provincia durante trinta días hábiles para os efectos de que os interesados poidan examinalo expediente e presentalas reclamacións que consideren oportunas, entendéndose definitivamente adoptado este acordo, sen necesidade de novo acordo, de non presentarse reclamacións.”

E para que así conste, e para os efectos de unir ó expediente, expido e asino a presente, coa reserva dos termos que resulten da aprobación definitiva da acta desta sesión, ó abeiro do art. 206 do R.O.F., de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde, en Meaño a vintetrés de outubro de dous mil sete.

Visto e Prace
O Alcalde

